

# PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

## *IES Nº1 RIBEIRA*

***2017-2018***

Introducción e contextualización........ 5
Características xerais do centro........ 5
Equipamento e servizos do centro........ 5
Composición do Departamento........ 6
Reparto de horarios........ 6
Material do Departamento........ 7
Libro de texto........ 7

Programación por niveis........ 8
Introdución........ 8
Contribución as competencias clave........ 9
Secuenciación de obxectivos........ 12
Secuenciación de contidos, estándares, competencias e unidades 4º ESO........ 14
Secuenciación de contidos, estándares, competencias e unidades 1º BACH........ 21
Secuenciación de contidos, estándares, competencias e unidades 2º BACH........ 30
Temporización........ 40
Estándares imprescindibles ........ 42

Metoloxía ........ 48
Introdución........ 48
Estratexias metodolóxicas........ 50
Secuenciación habitual do traballo de clase........ 50

Materiais e recursos didácticos ........ 51

Avaliación ........ 52
Procedemento de avaliación ........ 52
Instrumentos de avaliación ........ 53
Criterios de cualificación ........ 53
Atención de recuperación e reforzo, atención a diversidade ........ 57
Aclaración sobre aspectos importantes da avaliación ........ 57
Probas de recuperación ........ 57
Criterios de cualificación final de xuño ........ 58
Criterios de cualificación final de setembro ........ 58
Criterios de cualificación final de xuño en caso de perda da avaliación continua ........ 58
Plan de traballo para recuperación de materias pendentes ........ 59

Outras avaliacións ........ 59
Avaliación do proceso de ensino e práctica docente ........ 59
Avaliación da programación didáctica ........ 59
Mecanismos de revisión ........ 61
Mecanismo de avaliación e modificación da programación didáctica ........ 61
Medidas de atención a diversidade ........ 62

Programación de educación en valores: temas transversales ........ 64

Accións de contribución ao Proxecto lector........ 65

Accións de contribución ao Plan TIC........ 66

Accións de contribución ao Plan de convivencia........ 68

Actividades complementarias e extraescolares........ 69

# INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO

O I.E.S. Nº1 está situado na localidade de Ribeira, na provincia da Coruña. A situación xeográfica do municipio favorece algúns condicionantes, como é o feito de que a contorna achega gran variedade de recursos sanitarios, culturais, actividades deportivas e de lecer, servizos sociais, etc. Unha boa parte da poboación exerce a súa actividade ao redor da pesca, industrias e actividades afíns e no pequeno comercio.

No Centro impártense os seguintes ensinos:

ESO

BACHARELATO ENSINO ORDINARIO

ESA

BACHARELATO ENSINO DE ADULTOS FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA (Centro asociado)

As instalacións son compartidas pola ESCOLA DE IDIOMAS en horario de tarde.

## EQUIPAMENTO E SERVIZOS DO CENTRO

Biblioteca, dotada de libros de consulta e lectura, con capacidade para unhas 70 persoas. Dispón dun Plan de Biblioteca con servizo de empréstamo durante o horario lectivo, con subscrición a revistas científicas e de lecer, prensa diaria, arquivo de películas e documentais, dicionarios... Consta, ademais, de ordenadores con conexión a Internet, para o seu emprego como ferramenta didáctica. Está dividida en seccións: de traballo, de lectura, de andeis e de ordenadores.

- Todas as aulas grandes con ordenador, canón, PDI e Internet.
- Aula de informática equipadas con ordenadores con acceso a Internet.
- Aula de tecnoloxía equipada con ordenadores con acceso a Internet.
- Aula de música.

- Laboratorios de: Física, Química e Ciencias Naturais.
- Aula de Debuxo Técnico e aula de Educación Plástica.
- Departamento de Orientación.
- Dúas titorías.
- Sala de Reunións.
- Secretaría.
- Dirección e Xefatura.
- Sala de profesores equipada con 6 ordenadores e unha impresora.
- Aulas para Departamentos, a maioría compartidas, equipadas con ordenador e /ou impresora por Seminario.
- Aula de Convivencia.
- Salón de actos cun aforo duns 80 persoas e dotado de canón, pantalla, vídeo, sistema de megafonía e equipo de música.
- Pavillón polideportivo.
- Conserxería Servizo de reprografía e informática.
- Servizo de cafetería e máquina automática de café na sala do profesorado.
- O centro conta con accesibilidade de alumnado con minusvalías…
- Dúas pistas polideportivas, patio, xardín con estación meteorolóxica e soportal cuberto.
- Almacén- Baños.

## COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

Está composto por:
Carlos Pereira  y Severino Fontaiña, del Departamento de Economía
Raquel Martín, miembro del Departamento de Matemáticas.

## REPARTO DE HORARIOS

| Materia | Horas | Nº Grupos | Imparte: |
|---|---|---|---|
| Economía 4º | 3 | 1 | Severino Fontaiña |
| Economía 4º | 3 | 2 | Raquel Martín |
| Economía 1º | 4 | 2 | Severino Fontaiña |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Economía 1º | 4 | 1 | Carlos Pereira |
| Economía da empresa 2º | 4 | 3 | Carlos Pereira |
| Economía da empresa 2º | 4 | 1 | Severino Fontaiña |

### MATERIAL DO DEPARTAMENTO

Contamos cun despacho compartido co departamento de Xeografía e Historia. O material propio consiste nun ordenador e un pequeno fondo de libros de texto, libros do profesor e libros de exercicios (algúns deles en formato dixital) enviados en calidade de mostra polas editoriais, con motivo das sucesivas reformas, ao longos dos últimos anos.

### LIBROS DE TEXTO

O departamento asume a elaboración do soporte textual en todos os niveis educativos e recomenda manuais que se recollen máis adiante nesta programación.

## PROGRAMACIÓN POR NIVEIS

### INTRODUCIÓN

Para **cuarto da ESO**, non existe un libro de texto, remíteselle os temas elaborados ao inicio do curso, en formato pdf. Este material foi elaborado polo profesor e Xefe do departamento, Carlos Pereira, pero está ao dispor de calquera profesor ou profesora que poida integrarse ao departamento. É un manual con preguntas de investigación, dedución, resumen... abertas, pechadas e mixtas. De tódolos xeitos os alumnos disporán na aula diferentes manuais de cuarto, primeiro e segundo de bacharelato de diferentes editoriais para consulta. O profesor ou profesora que se incorporase ao departamento podería propor ao principio do curso un manual para os seus alumnos, en tal caso, se informará debidamente como se manifestou ao principio da programación, feito que non se produciu neste curso académico.

Para **primeiro de bacharelato**, non existe un libro de texto, remíteselle os temas elaborados ao inicio do curso, en formato pdf.

Este material foi elaborado polo profesor e Xefe do departamento, Carlos Pereira, pero está ao dispor de calquera profesor ou profesora que poida integrarse ao departamento. É un manual con preguntas de investigación, dedución, resumen... abertas, pechadas e mixtas. De tódolos xeitos os alumnos disporán diferentes manuais de primeiro de bacharelato de diferentes editoriais para consulta. O profesor ou profesora que se incorporase ao departamento podería propor ao principio do curso un manual para os seus alumnos, en tal caso, se informará debidamente como se manifestou ao principio da programación, feito que non se produciu neste curso académico.

Para **segundo de bacharelato,** neste curso académico decidiuse recomendar como manual de referencia:

- ALBERTO PÉREZ CÉSAR(2010): *Economía de la empresa.* Editorial Galinova.

Do mesmo xeito que en cuarto e primeiro, porase a disposición dos alumnos, os manuais das distintas editoriais para consulta, formando unha Biblioteca de aula, onde ademais dos libros de texto aportados, incorporase dicionarios de termos económicos.

> Ademais, o profesor e Xefe do Departamento, en formato pdf, proporcionaralle aos alumnos e demais compañeiros do departamento e así o desexen, un libro de traballo de elaboración propia, onde están recollidas por temas as cuestións que teñen caido nas probas PAU, tanto de 2 puntos coma de 0,75 por temas, agora ABAU, con 4 preguntas de 1 punto e dúas preguntas de 0,5 puntos, ademais dunha recompilación de exercicios prácticos para desenvolver a parte práctica do e xame.

Non hai libros de texto na Biblioteca do centro, como se acordou no seu día pola organización da Biblioteca, os manuais están no Departamento, e estarán a disposición dos alumnos, previa petición.

Ademais farase referencia a distintas películas ou material audiovisual ao longo do curso como referentes para os temas que se están a traballar.

Tanto para primeiro como para segundo atopamos interesantes vídeos de referencia como material didáctico na web, na dirección: http://www.edu.xunta.es/centros/iesnumero1ribeira/

A disposición do profesorado do departamento e dos alumnos, sen ningún tipo de restrición.

A programación de Economía adáptase á nova programación LOMCE recollida no Decreto 86/2015 para a Comunidade Autónoma Galega.

# CONTRIBUCIÓN AS COMPETENCIAS CLAVE

## Competencia en comunicación lingüística

- Lectura comprensiva de artigos económicos.
- Realizando actividades de expresión oral e escrita sobre os temas propostos.
- Definindo termos económicos e creando un glosario do mesmo.
- Facendo ensaios sobre temas propostos

## Competencia en aprender a aprender

- Vinculando a materia a outras materias, matemáticas, xeografía e historia.
- Realizando traballos que impliquen busca, selección, tratamento e exposición da información.
- Valorando os traballos, probas e actividades realizadas, destacando os seus logros e analizando os seus erros, co fin de mellorar o proceso de aprendizaxe.
- Realizando esquemas, mapas conceptuais...
- Realizando traballos en grupo.
- Situando o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico.

## Competencia en autonomía e iniciativa persoal

- Explicando como se preparan os enunciados dos problemas, cales son os obxectivos que se perseguen.
- Colaborando co departamento de Filosofía nos debates que se fagan ao longo do curso.
- Planificando traballos individuais e en grupo que comporten un proceso de análise, formulación, desenvolvemento e exposición.

- Manifestando as opinións propias sobre os temas propostos.
- Realizando actividades que axuden a desenvolver no alumno/a actitudes de responsabilidade, creatividade, perseveranza e elección responsable.

## Competencia no tratamento da información e competencia dixital

- Accedendo a todo tipo de información (escrita, sonora, audiovisual, etc.) a través da PDI na aula e da aula de multimedia do IES.
- Elaborando e preparando traballos individualmente ou en grupo utilizando este tipo de tecnoloxía: ordenador e móbil.
- Expoñendo traballos individualmente e en grupo.

## Competencia cultural e artística

- Coñecendo, analizando e valorando, mediante o estudo da prensa escrita os acontecementos actuais, explicando a repercusión duns feitos respecto doutros. A incidencia que ten os boicots á banca, as empresas.
- Entendendo a cultura nun sentido amplio da palabra, como conxunto de ideas, costumes e tradicións dun pobo, sociedade, clase social... explicar os acontecementos actuais.

## Competencia social e cidadá

- O coñecemento das institucións públicas e privadas, organización social, a participación dos cidadáns na vida pública e delimitación dos dereitos e deberes das persoas.
- O coñecemento das desigualdades existentes, dos fallos dos sistemas económicos e as súas posibles solucións.
- Fomentando no alumnado unha actitude de valoración positiva da participación cidadá, da negociación e da aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos. Desenvolvendo unha actitude tolerante ante a diversidade de ideas e crenzas.
- Realizando traballos en equipo (participación, formulación das ideas propias, aprender a escoitar aos demais, aprender a decidir en grupo, aprender dos demais, etc.)

## Competencia matemática

- Presentar, comprender, reproducir, producir... información utilizando lenguaxe matemática.
- Integrar e combinar os contidos económicos cos contidos matemáticos: funcións e gráficas, táboas, estatísticas...
- Resolver problemas económicos utilizando ferramentas matemáticas.

## Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Importancia do aforro enerxético.
- Importancia das tres R. Xestión de residuos.
- Identificar e coñecemento das enerxías renovables. Importancia da eficacia e a eficiencia na utilización de recursos.
- Identificar e plantexar problemas relevantes.
- Uso responsable de recursos naturais, coidado do medioambiente, consumo racional e responsable, protección da saúde.

## Competencia en sentido de iniciativa e espíritu emprendedor

- Recoñecer as oportunidades existentes para actividades empresariais, profesionais ou artísticas existentes na contorna.
- Comprender as liñas fundamentais do comportamento da economía.
- Comprender os riscos que asume todo empresario ou emprendedor.
- Ser consciente da postura ética que debe levar un empresario: cultura organizativa, código ético... Comercio xusto.

| LENDA COMPETENCIAS | | | LENDA TRANSVERSAIS |
|---|---|---|---|
| CCL | Competencia en Comunicación lingüística | CL | Comprensión lectora |
| CMCCT | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía | EOE | Expresión oral e escrita |
| CD | Competencia dixital | CA | Comunicación audiovisual |
| CAA | Competencia aprender a aprender | TIC | Tecnoloxías da información e comunicación |
| CSC | Competencias sociais e cívicas | EMP | Emprendemento |
| CSIEE | Competencia en Sentido de iniciativa e espírito emprendedor | EC | Educación cívica |
| CCEC | Competencia en Conciencia e expresións culturais | PV | Prevención da violencia |

# SECUENCIACIÓN DE OBXECTIVOS

A ensinanza da economía no bacharelato colabora con outras materias para acadar os seguintes obxectivos de etapa segundo o D 86/2015:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS, ESTÁNDARES, COMPETENCIAS E ESTÁNDARES DE 4º ESO

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Ideas económicas básicas | | | |
| | Unidade 1: Que é a economía? | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ f | ▪ B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.<br>▪ B1.2. Principios na toma de decisións económicas.<br>▪ B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. | ▪ B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas. | ▪ ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ f<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B1.4. O método na economía: modelos económicos.<br>▪ B1.5. Fronteira de posibilidades de produción. | ▪ B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles. | ▪ ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. | ▪ CCL |
| | | | ▪ ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ f | ▪ B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación. | ▪ B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de | ▪ ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | recursos e as necesidades. | ▪ ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.<br>▪ | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | Bloque 2. Economía e empresa | | | |
| | **Unidade 2: A empresa e o empresario** | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B2.1. A empresa e o/a empresario/a.<br>▪ B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.<br>▪ B2.3. Clases de empresas.<br>▪ B2.4. Formas xurídicas da empresa. | ▪ B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato. | ▪ ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ f<br>▪ e | ▪ B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos.<br>▪ B2.6. Sectores da actividade económica. | ▪ B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo. | ▪ ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ e | ▪ B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento. | ▪ B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas. | ▪ ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o | ▪ CCL |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f | | | financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación.<br>▪ B2.9. Resultados da empresa. | ▪ B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio. | ▪ ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B2.10. Obrigas fiscais das empresas. | ▪ B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais. | ▪ ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. | ▪ CSC |
| | Bloque 3. Economía persoal | | | |
| | **Unidade 3: Produción e costes**<br>**Unidade 4: Aforro, riscos e seguros** | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos.<br>▪ B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades. | ▪ B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación. | ▪ ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ m | ▪ B3.3. Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida. | ▪ B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social. | ▪ ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ f | ▪ B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións.<br>▪ B3.5. Risco e diversificación. | ▪ B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos. | ▪ ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.6. O diñeiro.<br>▪ B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.<br>▪ B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación.<br>▪ B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro. | ▪ B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade. | ▪ ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. | ▪ CAA<br>▪ CD |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros. | ▪ B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade. | ▪ ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado | | | |
| | **Unidade 5: A intervención do Estado na economía** | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ ñ | ▪ B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado. | ▪ B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución. | ▪ ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ e | ▪ B4.2. A débeda pública e o déficit público. | ▪ B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público. | ▪ ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f | | | entre eles. | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda. | ▪ B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda. | ▪ ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego | | | |
| | Unidade 6: Ciclos económicos. Inflación, desemprego e tasa de paro | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B5.1. Tipos de xuro.<br>▪ B5.2. Inflación.<br>▪ B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación.<br>▪ B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias. | ▪ B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes. | ▪ ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.<br>▪ B5.6. Perspectivas da ocupación. | ▪ B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego. | ▪ ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. | ▪ CD<br>▪ CSC |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| | Bloque 6. Economía internacional | | | |
| | **Unidade 7: Economía internacional. Comercio e globalización** | | | |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ m | ▪ B6.1. Globalización económica.<br>▪ B6.2. Comercio internacional.<br>▪ B6.3. Integración económica e monetaria europea.<br>▪ B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade. | ▪ B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente. | ▪ ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | ▪ CAA<br>▪ CSC |

## SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS, ESTÁNDARES, COMPETENCIAS E ESTÁNDARES DE 1º Bach

| | Economía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica | | | |
| | Unidade 1.Economía e escasez<br>Unidade 2.Sistemas económicos | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B1.1. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. | ▪ B1.1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas. | ▪ ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.2. Mecanismos de asignación de recursos.<br>▪ B1.3. Análise e comparación dos sistemas económicos. | ▪ B1.2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos. | ▪ ECB1.2.1. Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB1.2.2. Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ECB1.2.3. Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC |

| | Economía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B1.4. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.<br>▪ B1.5. Principios na toma de decisións económicas.<br>▪ B1.6. Modelos económicos. Economía positiva e normativa.<br>▪ B1.7. Información económica: interpretación de datos e gráficos. | ▪ B1.3. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos. | ▪ ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | Bloque 2. A actividade produtiva | | | |
| | Unidade 3.Factores produtivos, axentes económicos e sectores<br>Unidade 4. A empresa: Produción e custos | | | |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B2.1. Proceso produtivo e factores de produción. | ▪ B2.1. Analizar as características principais do proceso produtivo. | ▪ ECB2.1.1. Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.2. División técnica do traballo, produtividade e interdependencia. | ▪ B2.2. Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo. | ▪ ECB2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B2.3. Globalización: cambios no sistema produtivo ou na organización da produción. | ▪ B2.3. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas. | ▪ ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional. | ▪ CSIEE<br>▪ CCL |

| | Economía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ m | | | | |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m | ▪ B2.4. Empresa: obxectivos e funcións. | ▪ B2.4. Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade. | ▪ ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B2.5. Eficacia, eficiencia e efectividade.<br>▪ B2.6. Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica. | ▪ B2.5. Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica. | ▪ ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B2.7. Custos de produción. Cálculo e análise dos custos de produción e dos beneficios. | ▪ B2.6. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos. | ▪ ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB2.6.2. Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B2.8. Función de produción. | ▪ B2.7. Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha empresa a partir dun caso dado. | ▪ ECB2.7.1. Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos | | | |
| | Unidade 5. Intercambio e mercado. Teoría elemental da demanda e a oferta<br>Unidade 6. Modelos de competencia. | | | |

| | Economía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.1. Curva de demanda. Movementos ao longo da curva de demanda e desprazamentos na curva de demanda. Elasticidade da demanda.<br>▪ B3.2. Curva de oferta. Movementos ao longo da curva de oferta e desprazamentos na curva da oferta. Elasticidade da oferta.<br>▪ B3.3. Equilibrio do mercado. | ▪ B3.1. Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables. | ▪ ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB3.1.2. Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| | | | ▪ ECB3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.4. Estruturas de mercado e modelos de competencia.<br>▪ B3.5. Competencia perfecta. Competencia imperfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística. | ▪ B3.2. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresas ou os estados. | ▪ ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| | | | ▪ ECB3.2.2. Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB3.2.3. Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervenientes nos diversos mercados. | ▪ CSC |
| | Bloque 4. A macroeconomía | | | |
| | Unidade 7. Macroeconomía e magnitudes macroeconómicas<br>Unidade 8. Desemprego | | | |

| | Economía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.1. Macromagnitudes: produción. Renda. Gasto.<br>▪ B4.2. Equilibrio macroeconómico: demanda e oferta agregadas.<br>▪ B4.3. Inflación e tipos de xuro.<br>▪ B4.4. Os vínculos dos problemas macroeconómicos e a súa interrelación. | ▪ B4.1. Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar con elas e analizar as súas interrelacións, valorando os inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da calidade de vida. | ▪ ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilízaas para establecer comparacións con carácter global. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB4.1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida. | ▪ CSC |
| ▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.5. Indicadores do desenvolvemento da sociedade: as macromagnitudes e as súas limitacións. | ▪ B4.2. Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución. | ▪ ECB4.2.1. Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB4.2.2. Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB4.2.3. Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, analízaas e interprétaas, e presenta as súas valoracións de carácter persoal. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.6. Mercado de traballo. Desemprego: tipos e causas. | ▪ B4.3. Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a formación, analizando de xeito especial o desemprego. | ▪ ECB4.3.1. Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB4.3.2. Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios. | ▪ CSC<br>▪ CAA |

| | Economía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ ECB4.3.3. Investiga e recoñece vieiros de ocupación e tendencias de emprego. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ a<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B4.7. Políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. | ▪ B4.4. Estudar as opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte á inflación e ao desemprego. | ▪ ECB4.4.1. Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía | | | |
| | Unidade 9. O diñeiro e o sistema financeiro<br>Unidade 10. O Banco Central. A política monetaria e a inflación | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B5.1. O diñeiro na economía: tipoloxía e funcionamento.<br>▪ B5.2. Proceso de creación do diñeiro. | ▪ B5.1. Recoñecer o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes se miden. | ▪ ECB5.1.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B5.3. Teorías explicativas da inflación. | ▪ B5.2. Describir as teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os/as consumidores/as, as empresas e o conxunto da economía. | ▪ ECB5.2.1. Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais. | ▪ CSC<br>▪ CD |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B5.4. Sistema financeiro. Novas formas de financiamento. | ▪ B5.3. Explicar o funcionamento do sistema financeiro e coñecer as características dos seus principais produtos e mercados. | ▪ ECB5.3.1. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os | ▪ CAA<br>▪ CSC |

| | Economía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | mercados que o compoñen. | ▪ CD |
Tratarase de dar un enfoque práctico e de fomentar o espírito crítico do alumnado utilizando sempre como material didáctico ou curricular, ademais do manual indicado, textos xornalísticos da prensa diaria ou especializada e uso da prensa dixital, así como do material ou gravacións de espazos televisivos onde se traten temas relacionados coa materia e que presenten propostas concretas de actividades que sirvan para vincular os contidos desenvolvidos na aula cos acontecementos económicos e empresariais cotiáns. Consulta de páxinas web de determinados organismos públicos, institucións ou empresas que poden proporcionar información interesante para a materia. Para poder desenvolver a autonomía do alumno, o que se precisa é o deseño dun conxunto de actividades que permita que o alumno se enfronte a cuestións que supoñen un elemento motivador.

Enténdese por **autonomía e iniciativa persoal** a expresión das emocións, para iso se lle propoñerá actividades que se refiran a problemas económico-sociais, de xeito que teñan que verbalizar as opinións que lle xera. Terán que presentar traballos na clase de investigación, que ben a través de libros, dicionarios e sobre todo a través de internet, teñan que acadar unha solución, a modo de exemplo:

– Buscar datos biográficos de autores económicos relevantes.

– Buscar datos sobre a distribución do traballo: por sexo, idade e sector de actividade... de acordo aos contidos propostos nos puntos anteriores.

Responder en definitiva a preguntas que eles mesmos se fagan no desenvolvemento das clases, e tamén as que lles propoña o docente.

Respecto de segundo a concreción de estas actividades será dirixida sempre a resolución de preguntas das distintas probas de ABAU que están a disposición do alumnado, e que se entregan de forma separada por temas ao alumnado.

## Estratexias metodolóxicas

Presentaranse as cuestións de xeito contextualizado e relacionando en todo momento as causas e os efectos.

Proporanse actividades de investigación sobre documentos, textos, prensa... Elaborando sínteses do mesmo.

Faranse comentarios de textos, gráficos, mapas.

Resolveranse problemas a través de simulacións ou proxectos resentaranse as cuestións de xeito contextualizado e relacionando en todo momento as causas e os efectos.

## Secuenciación habitual do traballo de clase

Tendo en conta que nas tres materias os contidos tratados son novos na súa maior parte, salvo en 2º de bacharelato, pero que tamén é valido para este curso, o procedemento a seguir será:

Motivación, partindo de situacións coñecidas faremos unha introdución ás diferentes unidades.

Achega de información por parte do profesor/a.

Lectura e comprensión de textos.

Pequenos proxectos.

Respostas e preguntas.

Resolución de problemas.

Comentarios sobre documentos, gráficos, mapas conceptuais...

Elaboración de gráficos, mapas conceptuais...

Traballo de memorización comprensiva.

Avaliación.

## Materiais e recursos didácticos

- Biblioteca do Instituto.
- Boletíns de exercicios a disposición do alumnado na páxina web do centro ou entregados en propia man.
- Exercicios e probas reprografiadas no centro de probas PAU o ABAU.
- Libro de texto (Recomendados).

| | |
|---|---|
| CUARTO | ECONOMÍA. EDITORIAL SM<br>ECONOMÍA. EDITORIAL ANAYA |
| PRIMERO | ECONOMÍA. EDITORIAL SM<br>ECONOMÍA. EDITORIAL VICENS VIVES |
| SEGUNDO | ECONOMÍA DE LA EMPRESA. EDITORIAL SM<br>ECONOMÍA DE LA EMPRESA. EDITORIAL GALINOVA |

- Caderno de clase do alumno.
- Programas de ordenador.
- Periódicos, revistas...
- Material audiovisual accesible vía ordenadores.
- Calculadora.

– Pizarra e PDI.

– Extractos de contas bancarias, recibos da luz, etiquetas de alimentos...

– Aula virtual.

– Vídeos.

– Para algúns traballos de investigación e obtención de datos farase emprego do material da biblioteca do centro e tamén da información obtida a través de internet.

# AVALIACIÓN

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será **continua,** entendendo por tal que se efectuará ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Realizarase unha avaliación inicial para ter en conta os coñecementos previos do alumno a través de cuestións verbalizadas na clase, cuxos resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida de ensino-aprendizaxe, un seguimento do proceso de aprendizaxe e, por último, unha avaliación final.

O profesor servirase dos seguintes procedementos de avaliación:

– Técnicas de resolución de problemas.
– Técnica de solicitude de produtos
– Técnica de observación.

Os alumnos que non aproben unha avaliación terán que realizar no mes de xuño unha proba escrita final á que se poderán presentar en todo caso os alumnos que teñan suspensa unha ou dúas avaliacións trimestrais. A nota recupera a parte dos exames, nunca a nota de traballo de clase, que seguirá manténdose para facer as medias e acadar a nota final de xuño.

Os alumnos que non aproben a materia no mes de xuño, terán que superar no mes de setembro unha proba escrita que versará

sobre todos os contidos impartidos ao longo do curso.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

En cada trimestre realizarase ao menos unha proba escrita que acadará todos os contidos impartidos durante ese trimestre, e na que serán os alumnos os que poñan a data (recomendable dúas probas).

Tamén, poderán utilizarse outros instrumentos de avaliación: traballos individuais ou en grupo e debates.

Para levar a cabo o traballo nos serviremos dunha ficha de avaliación individualizada por alumno, en papel ou no SIXA.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL DE 4º ESO

Cada alumno será cualificado ao finalizar cada trimestre atendendo aos criterios e instrumentos antes sinalados cunha nota numérica de 0 a 10, sen decimais. Considérase aprobada ou superada a materia se obtén unha cualificación de 5 ou superior. A nota final dos alumnos será a media aritmética das 3 avaliacións.

A nota conformarase de dúas partes:

– Primeira parte: traballo de clase ou de casa, informándose previamente de que servirá para avaliar.
– Segunda parte: normalmente dúas probas por trimestre. Unha primeira proba con carácter eliminatorio que abarcará os temas impartidos dende o comezo da avaliación ata a data da proba e unha segunda proba cos temas restantes de dita avaliación. O alumno que teña unha nota igual ou superior a 4 puntos no primeiro exame, examinarase dos temas restantes na segunda proba escrita da avaliación e a súa nota será media aritmética de ambalas dúas probas. O alumno que teña unha nota inferior a 4 puntos na primeira proba (ou non se presente ao examen e non teña xustificación documental) terá que presentarse a segunda proba con todos os temas impartidos na avaliación. Finalmente, o alumnado terá que obter unha cualificación mínima de cinco na media aritmética de ditas probas escritas.

Tódolos traballos de clase e actividades da aula virtual que se valoren a efectos da cualificación na clase, no seu conxunto e

cunha valoración positiva poderán acadar a nota máxima dun 20% da nota da avaliación.

As probas escritas se valorarán cunha nota que representará como máximo o 80% da nota da avaliación.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL DE 1º BACH

Cada alumno será cualificado ao finalizar cada trimestre atendendo aos criterios e instrumentos antes sinalados cunha nota numérica de 0 a 10, sen decimais. Considérase aprobada ou superada a materia se obtén unha cualificación de 5 ou superior. A nota final dos alumnos será a media aritmética das 3 avaliacións.

A nota conformarase de dúas partes:

- Primeira parte: traballo de clase, actitude e probas.
- Segunda parte: dous exames por trimestre.

Tódolos traballos de clase e probas que se valoren a efectos da cualificación na clase, no seu conxunto e cunha valoración positiva poderán acadar unha nota máxima do 20% da nota da avaliación. As probas de avaliación se ponderará debidamente para que a máxima nota que se poida acadar sexa o 80% da nota. Unha primeira proba con carácter eliminatorio que abarcará os temas impartidos dende o comezo da avaliación ata a data da proba e unha segunda proba cos temas restantes de dita avaliación. O alumno que teña unha nota igual ou superior a 4 puntos o primeiro exame, examinarase dos temas restantes na segunda proba escrita da avaliación e a súa nota será media aritmética de ambalas dúas probas. O alumno que teña unha nota inferior a 4 puntos na primeira proba (ou non se presente ao examen e non teña xustificación documental) terá que presentarse a segunda proba con todos os temas impartidos na avaliación. Finalmente, o alumnado terá que obter unha cualificación mínima de cinco na media aritmética de ditas probas escritas.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL DE 2º BACH

### 2º BACH. DIURNO

Respecto de **Economía da empresa de segundo**, en diurno, debido a desigualdade temporal das avaliacións, decídese, que **na**

**primeira avaliación,** fagamos dúas probas teórica-prácticas, máis un examen de avaliación. A proba escrita contará con seis preguntas teóricas e tres puntos de práctica (90% da nota de cada avaliación). O 10% restante da nota a formarán os exercicios resoltos en clase, cos apuntes diante, nas datas acordadas con eles, de boletíns que se lle vaia presentando. A nota da primeira avaliación que comprende aproximadamente 60 sesións, será media das dúas probas, a volta de decembro, farase unha simulación de ABAU con todo o contido da avaliación, e para a media final utilizarase a mellor das notas, ademáis de utilizar esta proba, como un instrumento para recuperar a primeira avaliación.

Para a **segunda e terceira avaliación**, o procedemento de avaliación será o seguinte, unha única proba teórico-práctica por avaliación, que contará con seis preguntas teóricas e tres puntos de exercicios prácticos (90% da nota de cada avaliación). O 10% restante da nota a formarán os exercicios resoltos en clase, cos apuntes diante, nas datas acordadas con eles, de boletíns que se lle vaia presentando. Ao final do curso farase unha segunda simulación con todo o visto desde xaneiro ata maio, de revalida coa información que se teña nese intre. A media farase coa mellor nota. O a media das dúas avaliación ou a proba de revalida.

## 2º BACH. ADULTOS

Respecto a adultos, se aplicará o seguinte criterio:

Normalmente faranse dúas probas escritas, unha primeira proba con carácter eliminatorio que abarcará os temas impartidos dende o comezo da avaliación ata a data do exame e unha segunda proba cos temas restantes de dita avaliación. O alumnado que teña unha nota igual ou superior a 4 puntos no primeiro exame, examinarase dos temas restantes na segunda proba escrita da avaliación e a súa nota será a media aritmética de ambos exames. O alumnado que teña unha nota inferior a 4 puntos na primeira proba (ou non se presente ao eximen e non teña xustificación documental) terá que presentarse a segunda proba con todos temas impartidos na avaliación. Finalmente, o alumnado terá que obter unha cualificación mínima de cinco na media aritmética de ditas probas escritas.

A nota final dos alumnos por avaliación, derivase das probas escritas e do traballo individual e en equipo nas súas diferentes formas, atendendo á seguinte porcentaxe:

80% Probas escritas

20% Interese amosado pola materia (atención na clase, traer o material, realización de tarefas, etc…) e actividades realizadas, incluída a aula virtual.

Para levar a cabo a aplicación destes porcentaxes, o alumno na media das probas escritas debe obter como mínimo unha cualificación de cinco.

A cualificación final dos alumnos será, a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando estas foran superadas.

Cada alumno será cualificado ao rematar cada trimestre atendendo aos criterios e instrumentos antes sinalados cunha nota numérica de 0 a 10, sen decimais. Considérase aprobada ou superada a materia se obtén unha cualificación de 5 ou superior. A nota final será a media aritmética das 3 avaliacións.

As notas dos exames suporán un 80% da cualificación final por trimestre. O 20% restante será a valoración dos restantes aspectos sinalados no punto anterior.

Para ter aprobada a materia por completo en xuño é necesario ter superadas as tres avaliacións trimestrais; de non ser así, posto que o alumno non acadou os obxectivos mínimos, terá que superar unha proba escrita no mes de setembro que versará sobre todos os contidos impartidos ao longo do curso.

Se un alumno copia nun exame ou utiliza instrumentos ou medios non autorizados expresamente polo profesorado, suspenderá a avaliación e perderá o dereito a realizar a recuperación que se fai despois do remate de cada unha delas. Poderá recuperar a avaliación suspensa na convocatoria de recuperación de final de curso (xuño).

## ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os alumnos que non aproben unha avaliación ou trimestre, terán ocasión de recuperala nun exame de recuperación por trimestre. Ademais, no mes de xuño realizarase unha proba escrita final á que se poderán presentar os alumnos que teñan suspensa algunha das avaliacións trimestrais.

Os alumnos que non aproben a materia no mes de xuño, posto que non acadaron os obxectivos mínimos establecidos, terán que superar no mes de setembro unha proba escrita que versará sobre todos os contidos impartidos ao longo do curso, no que non se terá en conta a nota dos traballos realizados ao longo do curso.

Tanto no caso de alumnos con dificultades especiais no aprendizaxe como alumnos que non acaden os obxectivos mínimos e teñan que realizar probas de recuperación poderase poñer á súa disposición máis material de traballo (esquemas conceptuais, máis exercicios ou cuestións, resolución de exames, etc.)

## ACLARACIÓNS SOBRE ASPECTOS IMPORTANTES DA AVALIACIÓN

Aquel alumno ou alumna, que sen un motivo xustificado falte ao exame do trimestre ou as probas, consideraráselle non presentado e se lle avaliará con un 0.

No caso de que a algún alumno ou alumna se lle colla copiando nun exame, como norma xeral se lle porá un 0 na proba ou exame correspondente.

No caso de que algún alumno non acade o 5, como nota final do curso, terá a posibilidade de ir a un único examen final.

Para ter aprobada a materia por completo en xuño é necesario ter superadas as tres avaliacións trimestrais; de non ser así, posto que o alumno non acadou os estándares mínimos, terá que superar unha proba escrita no mes de setembro que versará sobre todos os contidos impartidos e non se terá en conta o traballo ao longo do curso.

## PROBAS DE RECUPERACIÓN PARA AS MATERIAS IMPARTIDAS POLO DEPARTAMENTO

O alumnado que, na avaliación, obteña unha cualificación de 0,1, 2, 3 ou 4 puntos, deberá realizar a correspondente proba de recuperación no que se dará preferencia ao desenvolvemento dos estándares imprescindibles.

As probas de recuperación poderán asistir os alumnos que queiran a subir nota, a proba de recuperación será de dificultade similar as probas ordinarias. As datas das probas de recuperación porase previo acordo cos alumnos, tendo en conta que eles teñen  optativas diferentes.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN FINAL DE XUÑO

Aos efectos de cálculo da cualificación final: A nota final será unha media aritmética das notas reais de cada avaliación sen aproximar. O redondeo final será do mesmo xeito que se dixo nos apartados anteriores: Se a media ten decimais, se o primeiro decimal e 5 ou superior, redondearase cara arriba; en caso contrario, cara abaixo.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN FINAL DE SETEMBRO

Os alumnos que non superen a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, poderán realizar unha proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Xefatura de Estudos de acordo as directrices da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que será cualificado de 0 a 10 sen decimais.
O contido da proba será o recollido nesta programación, considerándose superada a materia cando a puntuación sexa igual ou superior a 5 puntos.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN FINAL EN XUÑO EN CASO DE PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA

No RRI do Centro especifícase a posibilidade de perda do dereito á avaliación continua cando o número de faltas de asistencia á clase supere un número determinado, en todas ou nalgunha das materias a estudar.

PRIMEIRO DE BACHARELATO:

Un só exame ao final de curso no que valorarán os contidos enunciados nesta programación.

SEGUNDO DE BACHARELATO:

Un só exame ao final que versará dos contidos vistos durante todo o curso e recollidos nesta programación. O formato será o da proba PAU de Economía da Empresa.

Loxicamente, o aprobado é a partir dun 5 en calqueira dos cursos.

## PLAN DE TRABALLO PARA SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Ao inicio do curso, se lle pedirá a Xefatura de Estudos unha relación de alumnos que poidan atoparse nesta situación. O Xefe do Departamento convocará para unha reunión a estes alumnos antes do día 5 de outubro, onde se lle dará uns cuestionarios que versen sobre os estándares imprescindible da materia, cun número mínimo de 35 preguntas e máximo de 50, que esixan de eles unha actitude de busca de información, mínimo 5 por bloque de contido. Nas datas 18 e 27 de outubro e no 4 novembro, de acordo a dispoñibilidade horaria do alumno ou alumna e do profesor, se lle pedirá que traia contestadas un tercio das preguntas. Para a resposta de ditas preguntas, se lles pedirá que utilicen determinadas páxinas web que previamente se lles aportará, do mesmo xeito, deixarase algunha pregunta onde eles por iniciativa persoal terán que buscar o contido da mesma. As respostas as cuestión deberán presentarse de forma telemática, enviadas a aula virtual ou correo electrónico, e serán revisadas en valoradas coa participación do propio alumno, incidindo na avaliación en que interioricen a importancia de facer un traballo ben feito e o resultado que elo lle reporta. Este traballo se valorará cun 30% da nota. Nos prazos que fixe a Xefatura de Estudos, terá que vir a proba escrita nas datas que se indique, representando o 70% da nota.

# OUTRAS AVALIACIÓNS

## Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente

### Proceso de ensino

| | Observacións | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Indicadores de logro | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado? | | | | | |
| 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe? | | | | | |
| 3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física? | | | | | |
| 4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado? | | | | | |
| 5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado? | | | | | |
| 6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado? | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE? | | | | | |
| 8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE? | | | | | |
| 9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado? | | | | | |
| 10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación? | | | | | |
| 11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula? | | | | | |
| 12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo? | | | | | |

## Práctica docente:

| Indicadores de logro | Observacións | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado | | | | | |
| 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa? | | | | | |
| 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade | | | | | |
| 4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE? | | | | | |
| 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?<br>6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?<br>7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?<br>8.- Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe | | | | | |
| 9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?<br>10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc? | | | | | |
| 11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc? | | | | | |
| 12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos? | | | | | |
| 13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado? | | | | | |
| 14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas? | | | | | |
| 15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares | | | | | |
| 16.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ? | | | | | |

# AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## MECANISMO REVISIÓN

A programación revisarase mensualmente a fin de adaptala á marcha e desenvolvemento das clases e á evolución do comportamento dos grupos de alumnos.

Cada ano, ao finalizar o curso e tras a avaliación, revisarase a programación de cara ao novo curso académico.

No suposto de que exista un retraso no desenvolvemento da materia intentarase adaptar o ritmo de traballo en aula a fin de recuperar o tempo perdido. No suposto de que isto no sexa posible centrarase o traballo naqueles contidos mais relevantes dacordo co seu peso na avaliación.

## MECANISMO AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

| Indicadores de logro | Observacións | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo? | | | | | |
| 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos? | | | | | |
| 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización? | | | | | |
| 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación? | | | | | |
| 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista? | | | | | |
| 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas | | | | | |
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia? | | | | | |
| 8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ? | | | | | |
| 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación? | | | | | |
| 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver? | | | | | |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento? | | | | | |
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula? | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados? | | | | | |
| 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado? | | | | | |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma? | | | | | |
| 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares? | | | | | |
| 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos? | | | | | |
| 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc. | | | | | |
| 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación | | | | | |
| 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final? | | | | | |
| 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria? | | | | | |
| 22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes? | | | | | |
| 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes? | | | | | |
| 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar? | | | | | |
| 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares? | | | | | |
| 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE? | | | | | |
| 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas? | | | | | |
| 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos? | | | | | |
| 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15) | | | | | |
| 30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso | | | | | |
| 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro? | | | | | |
| 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia? | | | | | |

## MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A atención a diversidade, en sentido amplo, parte de aceptar que cada alumno ten un proceso de aprendizaxe individual, consecuentemente aínda que o proceso de avaliación establece a tendencia a homoxeneización, corresponde ao profesorado a través do proceso de ensinanza lograr chegar ao alumno. Evidentemente as diferencias poden ser temporais ou permanentes. As diferencias permanentes, evidentemente precisarán de algún tipo de adaptación curricular, neste caso sempre deberá contar co asesoramento do Departamento de Orientación do centro e co visto bo da Inspección Educativa. E estas medidas deberán ser tomadas, ademais da ESO, tamén no Bacharelato diúrno e, sobre todo, no de Adultos sendo analizada, no seu caso, a medida que xurda. No intre que se está a elaborar esta programación, non se coñece ningún caso que precise deste tipo de atención, pero recórdase que se lle proporcionará unha mellora no tempo das probas, que é dun 50% adicional ao tempo que se lle da aos restantes alumnos, cando a normativa o indique.

Respecto das diferencias temporais, é evidente que o alumnado non é homoxéneo, e consecuentemente correspóndenos a nós coma docente detectar esas diferencias e intentar reducilas e si se pode eliminalas.

Deste xeito, do dito ao longo da programación queda claro a intención deste equipo docente de tratar de detectar os diferentes niveis de competencia dos alumnos, e tratar de corrixir aquelas desviación negativas que se podan atopar, que poden ser consecuencia dunha falta de motivación, interese, capacidade de aprendizaxe ou tamén por razóns sociolóxicas... Desta forma, considero necesario que a programación sexa un documento aberto e vivo, que permita modificacións que se recollerán nas actas de reunión, si é que e preciso, e que tamén se recolleran na memoria fin de curso.

En calquera caso, a metodoloxía utilizada debe traballar con distintos grupos de traballo: grupo completo, pequeno grupo, e traballo individualizado.

Outro dos elementos clave é o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno, neste caso paréceme interesante e de indiscutible interese a observación directa do traballo do alumno, dos apuntamentos tomados na clase, así como do seguimento da comprensión dos textos a través de entrevistas persoais.

Os distintos exercicios, probas... deberán ser corrixidos en tempo e forma, explicando os criterios aplicados, e esixindo do alumno o esforzo de comprender como é avaliado do xeito que o é.

Coidar o material que se lle aporta ao alumno, cando se recolle un artigo de prensa, buscar que sea acorde ao explicado na clase e con linguaxe adaptado ao nivel de comprensión do alumno. Nos traballos de investigación primar a coherencia das conclusións e non a cantidade.

E entre outras alternativas, ofrecer tarefas variadas e graduadas adecuadamente. Conectar a resolución das actividades a forma de cualificar, que o alumno este informado de os procedementos, instrumentos, criterios de avaliación e contidos.

A aqueles alumnos que non acadan os obxectivos propostos, remítome ao apuntados no apartado de procedementos de avaliación.

## PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES: temas transversais

Temos que ter en conta que os valores non se ensinan e aprenden de igual modo que outros coñecementos ou habilidades, e ademais a escola non é a única institución que contribúe á formación e desenvolvemento deles. Os valores non son un tema nimio, entran a formar parte da personalidade do individuo, e afectan a seu comportamento.

Considero que este área constitúe unha das esixencias máis difíciles de cumprir, de xeito que só podo establecer na aula o debate para que entre todos os alumnos podamos reflectir cales son os valores vixentes na nosa sociedade. Intentar incidir en como afectan eses valores á forma de actuar dos distintos membros da sociedade e como cada individuo dentro das súas posibilidades pode facer un esforzo para lograr o que considera máis xusto.

Asumindo o risco de que se considere politizada a materia e tratando de evitar en todo momento que isto poida suceder, trataremos os seguintes temas transversais:

– Educación en comunicación: intentar que o alumno comprenda a importancia da información e a comunicación como dereito da cidadanía, para evitar que grupos corporativos impoñan unha ditadura sobre a liberdade de opinión.

– Educación en dereitos humanos: en especial respecto da xenofobia e o racismo.

– Educación intercultural: que supón o esforzo por parte do alumno de comprender que a diversidade cultural enriquece e que os movementos migratorios son resultado dunha distribución desigual da riqueza, inxusta moitas veces.

– Educación para igualdade: recoñecendo a necesidade de oportunidades de ambos sexos, propoñendo actividades de investigación para o Día Internacional da Muller, 8 de marzo.

– Educación para a paz: potenciando os valores do diálogo e o intercambio.

– Educación para o consumidor.

– Educación ambiental: a ecoloxía e a economía preséntanse neste intre como dous elementos sobre os que se apoia o desenvolvemento das sociedades humanas, corresponde desenvolver unha actitude crítica ante o tema.

– Evidentemente existen outros temas transversais, como educación vial, educación para a saúde, educación sexual... pero que teñen un difícil acercamento desde estas materias, pero que sempre que sexa posible intentarase facer un acercamento

crítico, na educación vial dende a perspectiva do gasto que supón dita educación, pero relacionando a importancia dos resultados obtidos en términos humanos, sociais e económicos; respecto da educación para a saúde no referente ao consumo do tabaco e de alcohol, e por último, respecto da educación sexual, na importancia dun acercamento a sexualidade responsable, non só por non ter fillos non desexados, senón pola importancia que ten as enfermidades de transmisión sexual.

– Destaca desenvolver o espírito emprendedor do alumno. Propoñendo actividades que permitan superar o fracaso, e que leven a un alumno a adquirir unha actitude positiva cara á iniciativa e a autonomía persoal.

– E incorporar en todo momento a importancia de: O mundo do traballo e as relación laborais. Os avances técnicos: os seus límites técnicos e tamén éticos. A globalización: vantaxes e desvantaxes dos diferentes aspectos: política, económica, social, cultural… A emigración: aspectos socio-económicos e culturais. A música. O turismo. O cambio climático. O deporte: competición e educación física

## ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

De acordo a normativa vixente queda claro que cada Departamento está obrigado a contribuír no plan lector, non só na ESO, na materia de Economía, senón tamén no Bacharelato, en Economía e Economía da Empresa.

Conseguir alumnos lectores, no concepto máis amplo da palabra, exixe un proceso progresivo e continuado. Non é, entendo, unha lectura en si mesmo e un instrumento para ser un cidadán máis informado, competente e solidario, e para isto é preciso desenvolver unha lectura comprensiva. Deste xeito, aínda que en moitos casos non se fai referencia explícita do proxecto lector, é evidente que existe implicitamente en todos os procesos de ensinanza-aprendizaxe.

Como lecturas recomendadas:

K. MARX, F. ENGELS (2009): Manifiesto Comunista. Antología de “El Capital”. Fontana.

MICHAEL GATES GILL (2008): Cómo Starbucks me salvó la vida. Urano.

ALEX ROVIRA CELMA; FERNANDO TRÍAS DE BES (2010): La buena suerte. Claves para la prosperidad. Empresa Activa.

TIM HARFORD (2010): El economista camuflado. La economía de las pequeñas cosas. Ediciones Temas de Hoy.

J.M. KEYNES (1981): Teoría general de la ocupación, el interés y el dinero. Fondo de Cultura Económica.

ABADÍA, LEOPOLDO (2010): “La crisis ninja y otros misterios”. Editorial: Booket.

GOODWIN, MICHAELBURR; DAN E. (2013): “Economix, cómo funciona la economía (y cómo no) en palabras e imágenes”. Editorial: Lunwerg.

DUNCAN, RICHARD (2013): “La nueva depresión. La desintegración de la economía...” Editorial Pearson.

MARX, KARL (2013): “Manuscritos de economía y filosofía” Alianza Editorial.

NASAR, SYLVIA (2012): “ La gran búsqueda. Una historia de la economía” Editorial Debate.

Por outra banda, a propia metodoloxía esixirá do alumno un traballo continuo sobre a materia, resolvendo dubidas a medida que se van xerando, permitindo ao meu entender que a lectura do material sexa comprensiva, xa que en cada momento o alumno/a poderá demostrar o que interpreta da lectura, consultar manuais para a resolución das cuestións e solicitar aclaracións do profesor.

Ademais durante o curso, tanto para cuarto da ESO, como para primeiro e segundo de bacharelato, preséntanse a medida que xurdan noticias económicas de interese, unha lectura comprensiva das mesmas na clase, en concreto da Voz de Galicia na aula, sempre que sexa posible.

## ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Do mesmo xeito que sucede co plan lector, cada departamento deberá propoñer como participa no plan de tecnoloxías da información e comunicación (TIC).

Se disporá, si así o queren os alumnos, da dirección de e-mail, para remitir inicialmente:

- Os cuestionarios aos alumnos pendentes, e ao longo do curso os traballos a alumnos da ESO e tamén Bacharelato.
- O manual elaborado polo profesor, para primeiro. E o cuestionario, para segundo.
- Ademais algúns das respostas deberán enviadas por correo electrónico.

Non se atopa entre os obxectivos das materias impartidas por este Departamento o coñecemento e desenvolvemento de programas informáticos por parte do alumnado. Agora ben, e de acordo as tendencias actuais, é evidente a necesidade de incorporar as TIC aos procesos de ensinanza-aprendizaxe, xa que agora non son só uns instrumentos de vital importancia, senón que en si mesmo, permiten a construción dun pensamento propio nos alumnos/as. Consecuentemente, serven para informarse, construír e fundamentar uns pensamentos, ideas e opinións, transmitilos e todo elo, dentro dun contexto que debe ser ético.

Neste contexto e dende o Departamento se lle pide aos alumnos a utilización das TIC en primeiro lugar coma instrumento de investigación:

Para as diferentes materias que se imparten por parte deste Departamento, poden visitar páxinas de recoñecidas publicacións e diarios con información sobre a actualidade do mundo empresarial:

- www.webeconomia.com
- www.expansion.com
- www.eleconomista.es
- www.elpais.com/economia/
- www.emprendedores.com
- www.elboletin.es
- www.cincodias.com
- www.kiosko.net

Outros temas:

- www.aeat.es: Páxina de facenda con ampla información sobre impostos e normas tributarias. Referido a temas fiscais.
- www.ine.es: páxina do Instituto Nacional de Estatística, con datos estatísticos de poboación, actividades produtivas, distribución de poboación...
- www.ipyme.org: información e estatísticas sobre a pequena e mediana empresa.

– www.elergonomista.com: referido a información sobre diferenciación e desenvolvemento de produtos ou/e mercados. Tamén recolle aspectos relacionados con recursos humanos.

– www.europa.eu: para tódolos temas relacionados coa empresa na UE, o alumno pode navegar polo portal español da Unión Europea, e dentro na sección de “empresas”.

– www.inem.es: que deriva a www.redtrabaja.es e a www.sepe.es. Referidos a temas vinculados con recursos humanos.

– www.bce.es: páxina do Banco de España, referido a temas de diñeiro, inflación...

Por outra banda, ademais da utilización destas páxinas, os alumnos poderán mergullarse na rede con total liberdade, pero deberán nos seus traballos facer referencia ao orixe da información proporcionada, co obxecto de que entendan a importancia da utilización destes instrumentos e de dispor de actividades que lle obriguen a esforzarse e utilizar estas tecnoloxías, máis alá do wasa.

Na clase, na medida do posible, utilizarase ferramentas como a folla de cálculo para a realización de tablas e representación gráfica dos datos.

## ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

– Do mesmo xeito que sucede co plan lector e ao plan de tecnoloxías da información e comunicación (TIC), cada departamento deberá propoñer como participa no plan de convivencia.

– Dende este Departamento e no ámbito da aula se vai cumprir coas seguintes premisas:

– Dar a coñecer o regulamento fixado no RRI do centro.

– Dar a coñecer a Programación do Departamento, no que se refire a obxectivos, contidos, metodoloxía, criterios de avaliación e contidos mínimos.

– Dar a coñecer calquera modificación que se propoña ao longo do curso, como consecuencia de que a programación proposta non debe ser considerada como un documento cerrado senón aberto a posibles modificacións.

– Informar e motivar debidamente dos cambios na programación nas actas das reunións do departamento e na memoria fin

de curso, si se producen ditos cambios.

– Promover o arbitraxe, mediación e conciliación en tódolos problemas alumno/alumno, que os interesados se sintan de acordo, e sempre que non transcenda o ámbito da aula, que teña que mediar o Titor, ou no seu caso e gravidade a Xefatura de Estudos.

– Someterse as directrices da Dirección do Centro e a Autoridade docente competente de acordo a lexislación vixente.

– Colaborar ou ao menos non menoscabar as actividades complementarias que se propoñan no centro.

– Apoiar a Semana das Letras, con alta tradición neste centro, facendo que os meus alumnos, dentro das súas posibilidades e sen perda de clase participen tamén.

– Colaborar en todas actividades que traballen os temas transversais enunciados en epígrafes anteriores, en especial:

– En temas relacionados coa as drogas.

– En temas relacionados coa familia: maltrato de menores, violencia de xénero...

– En temas de saúde pública: educación sexual.

– Seguir colaborando coa Biblioteca, aínda que saíndo do grupo permanente.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Como actividade complementaria, neste curso académico:

- Con motivo da Semana das Letras e organizado polos alumnos de Economía de 4º ou 1º, esperase, si as circunstancias o permiten, organizar unha simulación de empresa, dividíndoos en grupos e a través da elaboración dun sinxelo avión de papel montar diferentes empresas que compitan nun mercado en competencia perfecta.
- Desde o Departamento intentarase elaborar unha presentación audiovisual con alumnos voluntarios para o Día da Muller, respecto do fenómeno “teito de cristal”.

- Elaboración dun exercicio que require obter os custos da realización duns profiterois a partir dos datos proporcionados dos ingredientes, seguindo a técnica de elaboración proposta. A finalidade do exercicio é determinar o punto morto da actividade.

Como actividades extraescolares, neste curso académico, intentarase levar aos alumnos as seguintes visitas:

- Saída a viveiro de empresas, a determinar data e lugar.
- Visita a Nestlé e Pontevedra.
- Visita a Inditex cos 20 alumnos de segundo.

Ribeira, 5 de outubro de 2017